


## TEATRO: BUSCANDO A HILARY

Con gallo da conmemoración do **8 de marzo, Día Internacional das Mulleres**, e dentro da campaña **"MÁIS IGUALDADE, MELLOR"**, a **Secretaría Xeral da Igualdade**, en colaboración co **Concello de Vilalba** e coa **Fundación Caixa Galicia**, organizan a representación da obra teatral **"BUSCANDO A HILARY"**, que terá lugar o vindeiro **15 de marzo ás 18.30 horas** no **Auditorio "Carmen Estévez"** de Vilalba.



### SINOPSE:

"Buscando a Hillary" é unha comedia onde Hillary, avogada de éxito, está estancada aos seus corenta anos nun punto decisivo da súa vida. Ela sospeita que existe unha forma mellor de vivir e que xusto non pode ser o que foi ata agora. Estes pensamentos inician o proceso de acordar ao coñecemento de quén é ela realmente. E mentres loita por atopar o camiño de volta á cordura, está confrontada co seu propio autodemó e ego, Wilpuck.

A obra divídese en tres partes. Na primeira, Blanca Marsillach realiza unha pequena introdución sobre a autora da obra e fala en primeira persoa das súas experiencias como muller dentro dunha industria "primordialmente machista".

A seguir, realízase o pase da obra. Unha vez terminada a representación, as persoas que participan na obra permanecen no escenario para responder as preguntas que o público poida ter. Ademais, as persoas asistentes serán invitadas a participar activamente e intentar vencer os seus medos e inseguridades da man das e dos artistas, a través dunha serie de exercicios cos que se pretende incrementar a súa confianza e autoestima, dous valores necesarios para triunfar nun mundo no que as mulleres están en desigualdade respecto aos homes.